

RESOLUCIÓN do 3 de abril de 2024, pola que se convoca un proceso selectivo para ampliación da listaxe de agarda para a cobertura temporal de prazas da categoría de condutor (grupo C2) definidas na relación de postos de traballo do persoal funcionario da Universidade da Coruña

Esta Xerencia, en uso das atribucións conferidas no artigo 40 do Estatutos desta Universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio), modificados por Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG do 17 de outubro), e da Resolución Reitoral do 16 de xaneiro de 2024 pola que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais da Universidade da Coruña e as competencias dos seus órganos directivos,

RESOLVE

Convocar un proceso selectivo, mediante o sistema de oposición, para a ampliación da listaxe de agarda para cubrir, mediante nomeamento de persoal funcionario interino, prazas da escala técnica de condutor, grupo C2, da Universidade da Coruña, mentres non se proceda á súa cobertura con carácter definitivo, de acordo coas seguintes

BASES DA CONVOCATORIA

1.- Normas Xerais

Convócase proceso selectivo para a ampliación da listaxe de agarda, para a cobertura temporal de prazas de condutor, da escala técnica, subescala de condutor, grupo C2 de persoal funcionario da Universidade da Coruña.

2.- Requisitos das persoas aspirantes

Para ser admitidos/as á realización das probas deste proceso selectivo, as persoas aspirantes deberán posuír na data de remate do prazo de presentación de solicitudes e manter no momento de formalizar o nomeamento, os seguintes requisitos:

2.1 Nacionalidade: Posuír nacionalidade española ou nacionalidade doutro estado membro da Unión Europea ou de calquera outra nacionalidade, nos termos previstos no artigo 52 da Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia.

2.2 Idade: Ter cumpridos os 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación.

2.3 Titulación: Estar en posesión ou en condicións de obter a titulación esixida para o subgrupo (C2), de acordo co establecido na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, na data de finalización de presentación de solicitudes. As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao amparo das disposicións de dereito da Unión Europea.

2.4. Capacidade funcional: Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desenvolvemento das correspondentes funcións e tarefas propias da escala a que se pretende incorporar. A estes efectos, a persoa aspirante declara, ao facer a solicitude de participación no proceso selectivo, que nesa data posúe a

Código Seguro De Verificación	kM1xRvE8h09H9WaLeghyiA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerente - María Jesús Grela Barreiro	Asinado	03/04/2024 12:11:13
Observacións		Páxina	1/11
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/kM1xRvE8h09H9WaLeghyiA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto e que non padece enfermidade física nin psíquica que lle impida realizar o traballo propio da escala á que se pretende incorporar.

2.5. **Habilitación:** Non ter sido separado/a, nin despedido/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desenvolvemento de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada. No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no Estado de orixe, o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

2.6. **Acreditación de lingua galega:** As persoas aspirantes deberán acreditar o coñecemento da lingua galega co certificado de competencia en lingua galega *Celga 3* ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais, acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG, núm. 34 do 19 de febreiro).

2.7. Deberán acreditar o permiso de condución clase D. con certificado de aptitude profesional en vigor (CAP).

2.8. Os/as aspirantes estranxeiros/as, xuntarán a fotocopia do diploma superior de español como lingua estranxeira (nivel B2, C1 ou C2) do certificado de aptitude ou nivel avanzado de español expedido polas Escolas Oficiais de Idiomas (EOI), do título de licenciatura ou grao equivalente en Filoloxía Hispánica ou Románica ou doutros títulos homologados ou certificación. Quedan exentas de presentar esta titulación as persoas estranxeiras nacionais de países cuxo idioma oficial sexa o español.

3.- Sistema selectivo

O procedemento de selección das persoas aspirantes será o de oposición, conforme se detalla no anexo I desta convocatoria. Para figurar na listaxe de agarda terá que aprobar o exercicio da fase da oposición.

O programa que rexe estas probas selectivas figura no anexo II da convocatoria.

4.- Presentación de Solicitudes

As persoas que desexen participar nesta proba selectiva deberán presentar a seguinte documentación:

- Formulario de inscrición (Anexo III)
- Copia do DNI ou documento acreditativo de identidade
- Copia do Título de acceso ao subgrupo C2
- Copia do certificado Celga 3
- Copia do permiso de condución D
- Copia do certificado de nivel de español (só nacionalidade estranxeira)

Código Seguro De Verificación	kM1xRvE8h09H9WaLeghyiA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerente - María Jesús Grela Barreiro	Asinado	03/04/2024 12:11:13
Observacións		Páxina	2/11
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/kM1xRvE8h09H9WaLeghyiA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



No formulario de solicitude (inscrición) os/as aspirantes deberán asinar a declaración responsable que figura no documento, pola cal manifestan estar en posesión dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria e comprométese a achegar a documentación que nela se indica.

Este formulario de inscrición (Anexo III) atópase no seguinte enderezo

https://www.udc.es/gl/pas/convocatorias/contr_temporal/convocatorias/index.html

Os/as aspirantes deberán formalizar a súa solicitude por un dos seguintes medios:

- a) **Electronicamente:** A través do Rexistro electrónico da Sede electrónica da Universidade da Coruña (<https://sede.udc.gal>):

I.-Indicar no apartado “Expón” da solicitude: “convocatoria listas de agarda-condutor”, e en “destino” Servizo de Persoal Técnico, de Xestión e de Administración e Servizos.

II.- Achegar a seguinte documentación:

- formulario de participación descargado e **asinado**
- a documentación requirida na base 4 desta convocatoria.

- b) **Presencialmente:** A través do rexistro xeral da Universidade da Coruña (edificio da Reitoría, rúa da Maestranza, nº 9, CP 15001), nos rexistros auxiliares (Campus da Zapateira da Coruña e Edificio de Usos Administrativos no Campus de Esteiro, Ferrol), ou nas restantes formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE do 2 de outubro)

I.- Achegarse a seguinte documentación:

- formulario de participación descargado e **asinado**.
- a documentación requirida na base 4 desta convocatoria.

En calquera momento a Universidade poderá requirir das persoas aspirantes as copias auténticas dos documentos presentados.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais, que comezarán a contar a partir do seguinte ao da publicación desta resolución na sede electrónica da UDC.

5.- Listaxe provisional

Despois de que remate o prazo de presentación de solicitudes, a xerenta da Universidade da Coruña ditará resolución pola que se publicará a listaxe provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, que será publicada no taboleiro da Sede Electrónica <https://sede.udc.gal> e na web <http://www.udc.es>

As persoas aspirantes excluídas expresamente, así como as que non figuren na relación de admitidas nin na de excluídas, disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da dita Resolución, para poder subsanar o defecto que motivase a súa exclusión, ou a súa non inclusión expresa. As persoas aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non subsanen a exclusión ou omisión, xustificando o seu dereito a estar incluídas na relación de persoas admitidas, serán definitivamente excluídas da realización das probas.

Código Seguro De Verificación	kM1xRvE8h09H9WaLeghyiA==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerente - María Jesús Grela Barreiro		Asinado	03/04/2024 12:11:13
Observacións			Páxina	3/11
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/kM1xRvE8h09H9WaLeghyiA==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



En todo caso, ao obxecto de evitar erros e, no suposto de producirse, posibilitar a súa subsanación en tempo e forma, as persoas aspirantes deberán comprobar fidedignamente, non só que non figuran na relación de persoas excluídas, senón, ademais, que os seus nomes constan na relación de persoas admitidas.

6.- Listaxe definitiva

Transcorrido o prazo de reclamacións, a xerenta ditará resolución para declarar aprobada a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas que se publicará na Sede Electrónica <https://sede.udc.gal> e na web <http://www.udc.es>

O feito de figurar na listaxe de admitidos/as, non prexulga que se lle recoñeza ás persoas interesadas, a posesión de todos os requisitos, que terán que acreditarse no seu momento.

7.- Calendario e desenvolvemento da proba

O lugar e a data de realización do único exercicio que se vai realizar publicarase na Resolución que aprobe a listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas. O exercicio terá lugar antes de dous meses desde a publicación desta convocatoria.

7.1. A orde de actuación dos/as opositores/as iniciarase alfabeticamente por aqueles/as cuxo primeiro apelido empece pola letra “h”, de conformidade coa Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 31 de xaneiro de 2024, pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

En calquera momento as persoas aspirantes poderán ser requiridas polo tribunal coa finalidade de acreditaren a súa identidade.

As persoas aspirantes serán convocadas para o exercicio nun único chamamento e serán excluídas da oposición aquelas que non comparezan, agás nos casos de forza maior, debidamente xustificadas e libremente considerados polo tribunal.

7.2. En calquera momento do proceso selectivo, se o tribunal tiver coñecemento de que algunha das persoas aspirantes carece dos requisitos esixidos pola presente convocatoria, logo da audiencia do/a interesado/a, deberá propórle a súa exclusión á xerenta da Universidade da Coruña e comunicarlle tamén as inexactitudes e falsidades formuladas polo/a aspirante na solicitud para os efectos procedentes.

7.3. Contra a resolución de exclusión, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ante o reitor da Universidade da Coruña, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses, ante o órgano competente, conforme ao establecido na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

7.4. Se algunha das persoas aspirantes non puidese completar o proceso selectivo a causa de embarazo de risco ou parto, debidamente acreditado, a súa situación quedará condicionada á finalización deste e á superación das fases que fosen aprazadas, non podendo demorarse estas de maneira que menoscabe o dereito do resto dos aspirantes a unha resolución do proceso axustada a tempos razoables, o que deberá ser valorado polo Tribunal e, en todo caso, a realización desta terá lugar antes da publicación da lista de aspirantes que superaron o proceso selectivo.

Código Seguro De Verificación	kM1xRvE8h09H9WaLeghyiA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerente - María Jesús Grela Barreiro	Asinado	03/04/2024 12:11:13
Observacións		Páxina	4/11
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/kM1xRvE8h09H9WaLeghyiA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



8.- Tribunal de selección

O Tribunal de Selección estará formado polos/as seguintes membros:

Presidenta:

M^a Jesús Caínzos López, funcionaria Universidade da Coruña

Vogais:

Manuel Costa Fernández, funcionario da Universidade da Coruña

María José Prol Conde, funcionaria da Universidade da Coruña

José Antonio Bouzas Gómez, funcionario da Universidade da Coruña

Secretaria:

M^a del Carmen Hermida Calviño, funcionaria da Universidade da Coruña, que actuará con voz e sen voto

O Tribunal suplente estará formado polos/as seguintes membros:

Presidenta:

Ana Lozano del Río, funcionaria da Universidade da Coruña

Vogais:

Alicia María Cantarero Roldán, funcionaria da Universidade da Coruña

Pedro Manuel Monteserín Macías, funcionario da Universidade da Coruña

Sonia Lorenzo Porto, funcionaria da Universidade da Coruña

Secretario:

Daniel Valencia González, funcionario da Universidade da Coruña, que actuará con voz e sen voto

Para os efectos de comunicación e demais incidencias o tribunal terá a súa sede na Reitoría da Universidade da Coruña (Rúa Maestranza, n^o 9, CP 15001).

Terá a categoría terceira das recollidas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño), modificado polo Decreto 144/2008, do 26 de xuño (DOG do 18 de xullo) e polo Decreto 96/2011, do 5 de maio (DOG do 30 de maio).

9.- Publicación da proposta da listaxe de espera e reclamacións

A proposta provisoria de puntuación da proba formulada polo tribunal de selección será publicada no taboleiro da Sede Electrónica <https://sede.udc.gal> e na web <http://www.udc.es>

Contra esta proposta, as persoas aspirantes poderán presentar reclamación perante o tribunal no prazo de 5 días hábiles, que contan desde o día seguinte ao da súa publicación.

Código Seguro De Verificación	kM1xRvE8h09H9WaLeghyiA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerente - María Jesús Grela Barreiro	Asinado	03/04/2024 12:11:13
Observacións		Páxina	5/11
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/kM1xRvE8h09H9WaLeghyiA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Tras rematar o prazo que se sinala sen se recibir reclamacións, o tribunal remitirá a xerenta a relación definitiva das persoas aspirantes que conforman a listaxe de agarda pola orde de puntuación e publicarase nos medios indicados no parágrafo anterior.

Contra o acordo sinalado no apartado anterior, así como contra os acordos definitivos do tribunal que impidan continuar co procedemento, poderase interpoñer recurso de alzada ante o reitor nos prazos e formas que establece a Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A cualificación final do proceso selectivo será a da puntuación que se obteña na fase de oposición. No caso de empate establécese que, dado que é un sector moi masculinizado, levarase a cabo a favor da muller. De persistir o empate, a letra “h” de acordo coa RESOLUCIÓN do 31 de xaneiro de 2024 da Consellería de Facenda e Administración Pública pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

10.- Presentación de documentos e nomeamento

A Universidade requirirá a presentación os documentos orixinais cando sexan convocados/as para o nomeamento de funcionario/a interino/a.

10.1. A requirimento do Servizo de Persoal, no prazo que esta indique, a persoa convocada deberá presentar no documentación acreditativa dos requisitos esixidos na convocatoria e os seguintes documentos:

- a) Orixinal e copia do título esixido para acceder ás probas.
- b) Declaración xurada ou promesa de non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración pública nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas. As persoas aspirantes que non posúan a nacionalidade española deberán presentar declaración ou promesa de non estaren sometidas a sanción disciplinaria ou condena penal que inhabilite no seu Estado o acceso á función pública.
- c) Certificado médico oficial ou informe de saúde, emitido polo Servizo Galego de Saúde (Sergas) ou equivalente, acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que o/a imposibiliten para o servizo.
- d) Os aspirantes con discapacidade deberán presentar certificado dos citados órganos ou da Administración sanitaria acreditativo da compatibilidade co desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes.
- e) Diploma de español como lingua estranxeira (nivel B2, C1 ou C2) do certificado de aptitude ou nivel avanzado de español expedido polas EOI, do título de licenciatura ou grao equivalente en Filoloxía Hispánica ou Románica ou doutros títulos homologados ou certificación, se procede.

10.2. As persoas que, dentro do prazo fixado pola UDC, e salvo casos de forza maior, non presentasen a documentación, ou do exame desta, se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 2ª, non poderán ser nomeados funcionarios/as de interinos/as da escala técnica (subescala de condutor) da Universidade da Coruña e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que incorresen por falsidade na solicitude

Código Seguro De Verificación	kM1xRvE8h09H9WaLeghyiA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerente - María Jesús Grela Barreiro	Asinado	03/04/2024 12:11:13
Observacións		Páxina	6/11
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/kM1xRvE8h09H9WaLeghyiA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



inicial. Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos expresados na base anterior, poderá acreditarse que se reúnen as condicións esixidas na convocatoria mediante calquera medio de proba admitido en dereito.

11.- Protección e tratamento de datos de carácter persoal

De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos indicados na solicitude pasarán a formar parte do ficheiro de persoal, que ten por finalidade a xestión do persoal da Universidade da Coruña. O ficheiro está baixo a responsabilidade da Secretaría Xeral. Coa súa participación neste proceso selectivo as persoas interesadas autorizan á Universidade da Coruña para que publique os seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así derive da natureza deste procedemento de concorrencia competitiva. Así mesmo, poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, en cumprimento do que establece a LOPD, ante a Secretaría Xeral da Universidade da Coruña.

De acordo co disposto nos artigos 13 e 14 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos, e polo que se derroga a directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), as persoas participantes no proceso selectivo son informadas de que o responsable do tratamento dos seus datos persoais é a Secretaría Xeral da Universidade da Coruña, de que estes datos se tratarán para as finalidades deste proceso selectivo, se conservarán durante a tramitación do proceso selectivo e os prazos para interpor recurso en vía administrativa ou xudicial, as persoas participantes poden solicitar o acceso, rectificación ou supresión, poden presentar unha reclamación perante unha autoridade de control e, no caso de que se proxectase un tratamento para outra finalidade avisarase á persoa participante e facilitaráselle a información adicional necesaria.

Disposición derradeira

Contra a presente convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se derivaren dela poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, 3 de abril de 2024

P.D Reitor (16/01/2024)

A xerenta

María Jesús Grela Barreiro.

Código Seguro De Verificación	kM1xRVe8h09H9WaLeghyiA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerente - María Jesús Grela Barreiro	Asinado	03/04/2024 12:11:13
Observacións		Páxina	7/11
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/kM1xRVe8h09H9WaLeghyiA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



ANEXO I

Sistema selectivo

O sistema selectivo constará da seguinte fase:

I.- Único exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio: consistirá nunha proba tipo test de 50 preguntas máis 5 reserva, con 4 respostas alternativas, das que só unha será a correcta, sobre os temas descritos no Anexo II. As respostas erróneas non descontarán. O tempo para a realización deste exercicio será de 60 minutos. A puntuación será de 0 a 50 puntos e será necesario, para aprobar, obter un mínimo de 25 puntos.

Valoración final. A valoración final do proceso selectivo virá dada pola puntuación da cualificación obtida nesta fase.

No caso de empate establécese que, dado que é un sector moi masculinizado, levarase a cabo a favor da muller, e de persistir o empate de acordo co establecido na base 9 desta convocatoria.

Código Seguro De Verificación	kM1xRvE8h09H9WaLeghyiA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerente - María Jesús Grela Barreiro	Asinado	03/04/2024 12:11:13
Observacións		Páxina	8/11
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/kM1xRvE8h09H9WaLeghyiA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



ANEXO II

Temario

BLOQUE I.- Parte xeral:

1. Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia. Título preliminar. Título I: Dereito á igualdade entre mulleres e homes. Título VI. As condicións de emprego en igualdade na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e no sector público autonómico: Capítulo II: O acceso e promoción no emprego público galego; Capítulo III: Formación na igualdade e transparencia retributiva no emprego público; Capítulo IV: Medidas de conciliación e corresponsabilidade; Capítulo V: Medidas de prevención do acoso sexual e do acoso por razón de sexo.
2. Estatutos da Universidade da Coruña. Decreto 101/2004, do 13 de maio, modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade da Coruña.
3. Lei 2/2015 de 29 de abril, del emprego público de Galicia. Artigo 73. Principios de actuación e artigo 74. Deberes e código de conduta.
4. Constitución española: Título I: Dos dereitos e deberes fundamentais.
5. Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais. Artigo 2, Obxecto e carácter da norma. Artigo 4, definicións. Artigo 14. Dereito a protección fronte aos riscos laborais. Artigo 15, Principios da acción preventiva e Artigo 29, Obrigas dos traballadores en materia de prevención de riscos.

BLOQUE II.- Parte específica

6. O condutor: as súas aptitudes psicofísicas. Factores que diminúen as aptitudes do condutor. Infraccións e sancións. Permisos e licenzas
7. O vehículo: elementos e funcionamento, documentación, a carga e as persoas transportadas. Documentación dos vehículos.
8. Motor do vehículo: funcionamento, mantemento básico
9. Rodas e pneumáticos. Tipos e características. Estado e mantemento.
10. Elementos de seguridade activa
11. A seguridade pasiva.
12. A vía: definición, partes da vía. Utilización de carrís. Perigos da vía.
13. Velocidade: Separación distancia entre vehículos, límites, adecuación de velocidade.
14. Manobras básicas de circulación (1): incorporación á circulación. Desprazamentos laterais. Adiantamentos. Interseccións. Cambio de sentido. Marcha cara atrás.
15. Condución nocturna e en condicións meteorolóxicas ou ambientais adversas.
16. Os sinais de circulación: normas xerais. Sinais verticais, marcas viarias, sinais de balizamento, semáforos, sinais e ordes dos axentes de circulación.
17. O accidente de circulación: comportamento en caso de accidente. Delitos contra a seguridade de o tráfico. Nocións básicas de primeiros auxilios.

Código Seguro De Verificación	kM1xRvE8h09H9WaLeghyiA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerente - María Jesús Grela Barreiro	Asinado	03/04/2024 12:11:13
Observacións		Páxina	9/11
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/kM1xRvE8h09H9WaLeghyiA=		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





18. Comprobacións, posta a punto e mantemento básico do vehículo.
19. Utilización do vehículo en relación co medio ambiente: uso adecuado de sinais, conducción económica e aforro de combustible, limitación de emisións contaminantes e outras medidas para evitar a contaminación ambiental.
20. Localización de centros e servizos da UDC.

Nota: as referencias normativas deste programa poden verse afectadas polas modificacións que se produzan ata a data de o exame, en cuxo caso deben entenderse referidas á lexislación en vigor

Código Seguro De Verificación	kM1xRvE8h09H9WaLeghyiA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerente - María Jesús Grela Barreiro	Asinado	03/04/2024 12:11:13
Observacións		Páxina	10/11
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/kM1xRvE8h09H9WaLeghyiA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



ANEXO III

Formulario para descargar

https://www.udc.es/gl/pas/convocatorias/contr_temporal/convocatorias/index.html

Código Seguro De Verificación	kM1xRvE8h09H9WaLeghyiA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerente - María Jesús Grela Barreiro	Asinado	03/04/2024 12:11:13
Observacións		Páxina	11/11
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/kM1xRvE8h09H9WaLeghyiA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

